

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2023/1

DATA: xoves 26 de xaneiro de 2023

LUGAR: Salón de Plenos - Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:02 h

HORA DE REMATE: 21:40 h

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA PATRICIA SÁNCHEZ CASTELO, que redacta esta acta.

INTERVENTORA PATRICIA FERNÁNDEZ PÉREZ abandona a sesión as 20:15 h

ASISTEN

BNG

XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO incorporase a sesión as 20:06

JOSÉ VÁZQUEZ GONZÁLEZ

RAQUEL GARCIA ABUIN

TOBIAS BETANZOS REGO

PP

ALICIA CAROU ROMERO

PSdeG-PSOE

FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES

MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES

ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA

Rianxo en Común-SON

JULIO ALCALDE HERMO

JULIAN BUSTELO ABUIN

Ciudadanos

SARA MARÍA RESUA PATIÑO

AUSENTES

PP

GERMAN ALLUT VIDAL

FRANCISCO RUBIO VICENTE

MARIANO JOSE MOARES RIAL

PSdeG-PSOE

MARÍA JOSÉ TEMBRA MUÑÍZ

ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES
2. MODIFICACIÓN DE ORDENANZA FISCAL IMPOSTO BENS INMOBLES. BONIFICACIÓN ENERXÍA SOLAR E EFICIENCIA ENERXÉTICA.
3. MOCIÓN RIANXO EN COMÚN RELATIVA Á DINAMIZACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL
4. MOCIÓN RIANXO EN COMÚN RELATIVA Á MELLORA DO CAMIÑO AO POZO BASTÓN
5. MOCIÓN RIANXO EN COMÚN RELATIVA Á XESTIÓN PÚBLICA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR
6. MOCIÓN RIANXO EN COMÚN RELATIVA Á MELLORA DA SEGURIDADE NA DP-7201
7. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO
8. RENUNCIA DO CONCELLEIRO FRANCISCO RUBIO VICENTE.
9. DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 39/2023 DE DELEGACIÓN DA ALCALDÍA
10. ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2023/G010/000001 e identificado pola pegada dixital:

609105b5303598986b027596957943bcc232bd8465e4500a026a537fdeb39495

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=vn2yIH7DFw0>

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

1 APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES

- ✓ **APROBACIÓN ACTA Nº 11/2022 DO PLENO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO 13/10/2022**

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 11/2022 de 13/10/2022.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 13/10/2022, Acta nº 11/2022.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 12 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

✓ APROBACIÓN ACTA Nº 13/2022 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 24/11/2022

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 13/2022 de 24/11/2022.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 24/11/2022, Acta nº 13/2022.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 12 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

✓ APROBACIÓN ACTA Nº 14/2022 DO PLENO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA DO

27/12/2022

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 14/2022 de 27/12/2022.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 27/12/2022, Acta nº 14/2022.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 12 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

2 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES. BONIFICACIÓN ENERXÍA SOLAR E EFICIENCIA ENERXÉTICA.

Dáse lectura da proposta presentada:

Co obxectivo de reforzar as actuacións de autoconsumo e mellora da eficiencia enerxética das vivendas e así contribuír desde o local a mitigar o cambio climático global, tal e como figura no documento do Plan de acción para o clima e a enerxía sostibel (PACES) aprobado por este Concello, proponse a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles, en canto engadir un novo suposto de bonificación polo tanto, proponse á Comisión Informativa de Facenda, o dictamen favorable da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro: modificar a ordenanza fiscal número 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles e a disposición derradeira, de acordo co seguinte tenor literal:

“ ORDENANZA FISCAL NÚMERO 1. IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Artigo primeiro

No uso das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sobre potestade normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, asemade, co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como no Título II e artigos 60 e seguintes, todos eles do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, regulase mediante a presente Ordenanza fiscal o Imposto Sobre Bens Inmóbles.

Artigo segundo. Tipo de gravame.

- a) Tipo de gravame do imposto sobre bens inmóbles aplicable ós bens de natureza urbana queda fixado no 0,54 por cento.*
- b) Tipo de gravame do imposto sobre bens Inmóbles aplicable ós bens de natureza rústica queda fixado no 0,54 por cento.*
- c) O tipo de gravame do Imposto sobre bens inmóbles aplicable os bens inmóbles de características especiais, definidos no artigo 2.7 da Lei 48/2.002, do 23 decembro, Lei do catastro inmobiliario, e sitios no termo municipal de Rianxo, queda fixado no 1,3 por cento.*

Artigo terceiro. Exencións.

1. En virtude do artigo 62.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese unha exención por contía mínima que se aplicará do seguinte xeito:

- a) Quedarán exentos os bens inmóbles de natureza urbana que teñan unha cota líquida inferior ou igual a 3,00 euros.*
- b) Quedarán exentos os bens inmóbles de natureza rústica que teñan unha cota líquida inferior ou igual a 4,50 euros.*

Artigo cuarto. Bonificacións.

1. En virtude do artigo 73.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aplicaranse unha bonificación do 65% na cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, para os inmóbles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel en que se inicien as obras ata o posterior á terminación das mesmas, sempre e cando durante ese período se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso poida exceder de tres períodos impositivos.

Para aproveitar a citada bonificación, os interesados deberán de cumprir os seguintes requisitos:

- a) Acreditación da data de inicio das obras de urbanización ou construción de que se trate, que se fará mediante certificación do Técnico-Director competente delas, visado polo Colexio Profesional.*
- b) Acreditación de que a empresa se adica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria mediante a presentación dos Estatutos da Sociedade.*
- c) Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado mediante a presentación de certificación do Administrador da Sociedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a A.E.A.T., a efectos do Imposto sobre Sociedades.*
- d) A solicitude da bonificación pódese formular dende o momento no que se pode acreditar o inicio das obras.*

2. En virtude do artigo 73.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aplicarase unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ó outorgamento da cualificación definitiva, para as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme a normativa da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa gozarán dunha bonificación do 50% na cota íntegra do inmovible de uso residencial que constituía a súa residencia habitual, e na que estean empadroados os membros da unidade familiar, sempre que se cumpran ademais os seguintes requisitos:

- a) Que o valor catastral do ben inmovible obxecto de bonificación, do que sexan suxeitos pasivos o titular da familia numerosa ou algún dos membros desta, non exceda de 125.000 €.*
- b) Que os ingresos brutos anuais da unidade familiar, per cápita, non exceda do 1,20 do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM).*

O ingreso bruto anual per cápita da unidade familiar obterase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número dos seus integrantes. A estes efectos, entenderase por unidade familiar o número de membros que estean incluídos no título oficial de familia numerosa.

Os suxeitos pasivos que, cumprindo cos requisitos establecidos no apartado anterior, pretendan gozar da bonificación, deberán presentar a correspondente solicitude no modelo normalizado, no que constará autorización asinada por todos os membros da unidade familiar maiores de 18 anos para a consulta de oficio de datos de natureza tributaria, antes do 31 de marzo do ano correspondente ó período impositivo no que pretendan que produza efectos. Xuntamente co escrito deberá achegarse a seguinte documentación:

– Copia do título de familia numerosa expedido polo órgano competente.

Poderán ser requiridos documentos ou información adicionais, si se considera oportuno.

A bonificación concedida só producirá efectos a partir o período impositivo no que se insta a súa concesión, debendo solicitar a súa prórroga nos seguintes períodos impositivos, aportando de novo a documentación que acredite que se seguen a cumprir os requisitos para o seu goce.

4. Establécese unha bonificación do 5% da cota íntegra do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana e rústica (exclúense os bens inmobles de características especiais) para todos aqueles contribuíntes que tivesen domiciliado o pago do recibo nunha entidade bancaria.

O pago do recibo bonificado farase efectivo dentro da primeira semana do período voluntario de ingreso, de acordo co calendario fiscal aprobado para cada exercicio.

Si o recibo bonificado non fose atendido ao seu vencemento, a bonificación devendará inaplicable, podendo abonarse sen recargo o recibo dentro do período voluntario de ingreso. Unha vez transcorrido o período voluntario de ingreso, sen que este se produza, iniciárase o período executivo.

Os suxeitos pasivos que desexen desfrutar desta bonificación deberán solicitar a domiciliación no impreso normalizado, cunha antelación de a menos dous meses respecto do inicio do período voluntario de ingreso, entendéndose concedida dende a súa presentación, salvo que se solicite extemporaneamente, en cuxo caso a bonificación xurdirá efectos no exercicio inmediatamente posterior.

Admitiranse domiciliacións de recibos en contas cuxo titular non coincida co contribuínte, sempre e cando o titular da mesma asine o modelo normalizado da solicitude de domiciliación, e achegue fotocopia do DNI.

A domiciliación terá vixencia indefinida, agás:

– Orde expresa de anulación da domiciliación, comunicada a recadación, a través de modelo normalizado de baixa de domiciliacións.

– Cambio de titularidade do inmovible.

– Rechazo ou devolución da entidade financeira.

Respecto aos restantes aspectos substantivos das domiciliacións de recibos de tributos de vencemento periódico estarase ao disposto no artigo 21 da Ordenanza Xeral Reguladora da aplicación de tributos e ingresos de dereito público do Concello de Rianxo.

5. Os bens inmobles de natureza urbana e rústica sitos nas áreas ou zonas do Concello que, conforme ao establecido na Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUPMR, en adiante) e na normativa urbanística municipal vixente, correspondan a asentamentos de poboación singularizados pola súa vinculación ou preeminencia de actividades primarias de carácter agrícola, gandeira ou forestal, e que dispoñan dun insuficiente nivel de servizos básicos de titularidade municipal gozarán dunha bonificación de ata o 10% sempre que as súas características económicas aconsellen unha especial protección.

A porcentaxe de bonificación será:

- a) Carencia do servizo municipal de abastecemento de auga potable e do servizo de saneamento: 10%.*
- b) Carencia do servizo municipal de abastecemento de auga potable ou do servizo de saneamento: 5%.*

Para a aplicación desta bonificación considéranse áreas singularizadas pola súa vinculación con actividades primarias de carácter agrícola, gandeira ou forestal, as comprendidas dentro do ámbito das Ordenanzas 5 e 6 das vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal do Concello de Rianxo, así coma os bens inmobles incorporados ao Padrón de IBI rústica que con anterioridade á entrada en vigor da nova ponencia de valores se incorporaban como "diseminados" no Padrón de IBI urbana.

A carencia dos servizos de abastecemento de auga potable e/ou do servizo de saneamento será informada pola entidade xestora que avaliará se o inmovible respecto do cal se pretende a bonificación é beneficiario dos servizos referidos.

No caso de que se constate que o inmovible carece da conexión á rede municipal de abastecemento de auga potable, a entidade xestora do servizo verificará ademais si o mesmo está establecido na área do inmovible respectivo, entendéndose a efectos desta bonificación por "establecido" cando na vía pública á que teña fachada o inmovible exista rede de abastecemento de auga ou cando a distancia á rede fose inferior a 50 metros.

No caso de que o inmovible careza de conexión á rede municipal de sumidoiros, a entidade xestora verificará, asemade, o disposto no artigo 7.7 do Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de saneamento e depuración de Augas Residuais de Galicia, así coma o disposto no Regulamento Municipal de Verquidos de Rianxo.

A bonificación será de carácter rogado, polo que a súa concesión precisará da solicitude previa do interesado e acto administrativo de recoñecemento expreso.

A vixencia da bonificación será anual, debendo solicitarse en cada exercicio no que se pretenda a súa aplicación.

A solicitude de concesión desta bonificación presentarase polo rexistro xeral do Concello, mediante modelo oficial aprobado ao efecto asinado polo obrigado tributario, ata o 31 de marzo, ou inmediato hábil posterior, do exercicio en que se pretenda que xurda efectos, achegando a referencia catastral do inmovible.

Con carácter previo á resolución da solicitude, incorporaranse ao expediente:

- a) un informe do Servizo de Licenzas/urbanismo do Concello, referido ao cumprimento dos requisitos obxectivos da bonificación, concretamente á pertenza ou non do inmovible a algún dos supostos do apartado primeiro do artigo 5.*
- b) un informe do xestor do servizo municipal de abastecemento de auga potable e do servizo municipal de saneamento, sobre a carencia de ditos servizos no inmovible de referencia, de acordo co criterio establecido no apartado 1 do presente artigo.*

O Departamento de Recadación, recibido o informe anterior, vista toda a documentación obrante no expediente, e considerándoas prescricións da Ordenanza Xeral de Recadación do Concello de Rianxo no referente ás bonificación, emitirá informe proposta que elevará ao órgano competente para que dite

resolución correspondente.

6. Os inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas e empresariais que sexan que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego poderán obter unha bonificación na cota do imposto.

A bonificación da cota será:

a) ata un 95% para aqueles inmobles nos que se desenvolva unha actividade económica ou empresarial por implantación dunha nova empresa no termo municipal de Rianxo, sempre e cando cree emprego.

b) ata un 95% para aqueles inmobles nos que se desenvolva unha actividade económica ou empresarial pola ampliación das instalacións dunha empresa que xa viña exercendo unha actividade económica ou empresarial en Rianxo, sempre e cando implique creación de emprego.

A porcentaxe de bonificación será a seguinte:

Creación de 1 a 10 postos de traballo 50%

Creación de 11 a 20 postos de traballo 75%

Creación de mais de 20 postos de traballo 95%

Autoemprego (1 posto de traballo) 50%

As contratacións deberán ser indefinidas.

Cando se trate de contratacións cunha xornada a tempo parcial as porcentaxes das bonificacións serán proporcionais ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, da xornada ordinaria máxima legal.

O beneficiario da bonificación será a persoa física, xurídica ou entidade do artigo 33.4 da Lei Xeral Tributaria que sexa no IBI o suxeito pasivo do ben inmovible afecto, sempre que aquel coincida co titular da actividade económica ou empresarial creadora de emprego.

Quedan excluídos da bonificación os IBI que recaian sobre bens inmobles arrendados.

Non poderá ser beneficiario da bonificación a persoa xurídica ou entidade do artigo 33.4 LXT que tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores á formalización dos contratos de traballo.

O suxeito pasivo deberá achegar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

– Poder de representación, no seu caso.

– Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas.

- *Memoria xustificativa sobre o proxecto da actividade económica ou empresarial de nova creación ou de ampliación, na que constará a referencia catastral do inmovible afecto á actividade económica ou empresarial no que se realiza a construción, instalación ou obra; a creación de novos postos de traballo; o número de novos postos de traballo; súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.*
- *Declaración responsable sobre o emprego que creará, con indicación do número de novos postos de traballo, a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.*
- *Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, coa Facenda Autonómica, co Concello de Rianxo e coa Seguridade Social.*
- *Aqueloutra documentación que, motivadamente, sexa requirida polo Departamento de Emprego do Concello de Rianxo.*

O prazo de presentación da solicitude será dun mes dende o día seguinte ao de obtención do título habilitante para a realización da construción, instalación ou obra, no caso de que fose precisa a realización de construción, instalación ou obra, con carácter previo ao inicio da actividade, e precisa a seguinte documentación:

- *comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade.*
- *Informe de Vida Laboral das contas de cotización ou da persoa autónoma como empresaria dende o inicio da actividade.*
- *Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.*
- *Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.*
- *Informe dos traballadores con movementos previos nas CCC.*
- *Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.*
- *No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.*
- *De ser o caso, certificado de alta profesional no dito colexio e alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.*

O prazo de presentación da solicitude será dun mes dende a presentación da comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade, no caso de que non se realizase construción, instalación nin obra con carácter previo ao inicio da actividade, achegando a seguinte documentación:

- *Informe de Vida Laboral das contas de cotización ou da persoa autónoma como empresaria dende o inicio da actividade.*

- *Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.*
- *Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.*
- *Informe dos traballadores con movementos previos nas CCC*
- *Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.*
- *No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.*
- *De ser o caso, certificado de alta profesional no dito colexio e alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.*

Toda solicitude que se realice transcorrido o prazo sinalado, será considerada extemporánea.

A declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como a porcentaxe de bonificación, corresponderá ao pleno da Corporación, previa solicitude do suxeito pasivo no modelo normalizado, co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A declaración de interese ou utilidade municipal deberá producirse nun prazo que non excederá de seis meses, computables dende a súa solicitude, previo informe técnico-xurídico favorable. A resolución entenderase desestimada si non recae resolución en dito prazo.

Para o mantemento da bonificación, as condicións da xustificación presentadas coa comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade, deberán permanecer durante tres exercicios orzamentarios completos, como mínimo.

O incumprimento dos requisitos esixidos suporá a perda da bonificación e a liquidación do importe deixado de ingresar, xunto cos xuros de mora correspondentes.

7. Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ao da finalización da súa instalación, os bens inmoables destinados a vivenda dos suxeitos pasivos deste imposto, en calquera dos seguintes supostos:

a) Que se instalaron sistemas para o aproveitamento térmico e eléctrico da enerxía proveniente do sol para autoconsumo. Será necesario, en todo caso, que os sistemas de aproveitamento térmico instalados dispoñan dunha superficie mínima de captación solar útil de 4m² por vivenda e que os sistemas de aproveitamento eléctrico dispoñan dunha potencia instalada mínima de 2 Kw por vivenda.

b) Cando logo de pasar os controis administrativos e técnicos pertinentes, o inmoable sexa certificado con cualificación A ou B da súa eficiencia enerxética.

Ningunha das anteriores bonificacións se outorgará cando a instalación destes sistemas de aproveitamento da enerxía solar ou a propia certificación enerxética fose obrigatoria a tenor da

normativa específica na materia.

Estas bonificacións terán carácter rogado e fornecerán efectos, no seu caso, desde o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite.

As solicitudes serán enviadas desde o Departamento de Facenda, coa documentación que as acompaña, aos Servizo Municipal de Urbanismo que, valorando que se reúnan os requisitos esixidos, formulará informe sobre a súa concesión.

Deberá aportar a seguinte documentación:

- Solicitud de licenza municipal das instalacións, ou ben declaración responsable.*
- Pagamento da taxa pola tramitación da licenza ou declaración. Autorización do Departamento Territorial de Patrimonio Cultural, se hai algún ben etnográfico próximo.*
- Memoria técnica da instalación das placas fotovoltaicas, redactada por técnico competente na materia, con expresa información sobre as dimensións, estrutura portante -se cabe-, características das placas fotovoltaicas e enerxía que se vai producir.*
- Tres fotografías da instalación realizada*
- Certificado final das obras, redactado por técnico competente na materia, no que se exprese polo miúdo a instalación realizada, a superficie das placas e a enerxía producida, as características das placas instaladas, acreditándose que a instalación se axustou á solicitada na licenza municipal ou declaración responsable, e no seu caso, á autorización previa do departamento de patrimonio cultural.*

8. As bonificacións ás que fan referencia os apartados 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7 deste artigo terán carácter rogado, e será necesaria a acreditación do suxeito pasivo de estar incurso nalgún dos supostos establecidos para o disfrute de cada unha delas, presentando a documentación demostrativa dos mesmos.

No caso de concorrer simultaneamente mais dun suposto dos referidos parágrafos anteriores, aplicarase a bonificación que resulte mais vantaxosa para o suxeito pasivo, agás as bonificacións reguladas nos apartados 4 e 5 deste artigo que sí serán compatibles entre si.

9. Respecto aos restantes aspectos das bonificacións non previstos neste artigo, estarase ao disposto na ordenanza Xeral Reguladora da aplicación de tributos e ingresos de dereito público do Concello de Rianxo, ao RD 1065/2007, do 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral das Actuacións e dos Procedementos de Xestión e Inspección tributarias e de desenvolvemento das normas comúns de aplicación dos tributos.

Artigo quinto

Coeficiente redutor aplicable aos inmobles rústicos valorados conforme ao apartado 1 da disp. Transitoria primeira do R.D.L. 1/2004 do 5 marzo, que aproba o T.R. da Lei do Catastro Inmobiliario:

Establecese como coeficiente redutor aos efectos determinados no apdo. 2.o da disposición transitoria decimo oitava do R.D.L. 2/2004 do 62%.

Artigo sexto

O concello agrupará nun único documento de cobro tódalas cotas deste imposto dun mesmo suxeito pasivo, cando se trate de bens rústicos sitos no termo municipal de Rianxo.

Artigo sétimo

Co fin de facilitar o cumprimento das obrigas tributarias, as cotas do IBI poderán fraccionarse nos termos previstos no artigo 16,2 da Ordenanza de Recadación de Tributos e Ingresos de Dereito Público do Concello de Rianxo.

Disposición final

A presente Ordenanza aprobouse polo Pleno na súa sesión do -----, entrando en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e xurdindo efectos dende o 1 de xaneiro seguinte a súa publicación, ata que se acorde a súa modificación ou derogación."

Segundo: Someter dita ordenanza a información pública, nos termos previstos do artigo 17.1 do TRFL e artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dando audiencia aos interesados, mediante publicación no taboleiro de edictos do Concello, no BOP e nun dos periódicos de maior tirada da provincia.

Terceiro: De non presentarse reclamacións no prazo de exposición pública, a modificación proposta considerárase definitivamente aprobada.

Cuarto: O acordo de aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal, tácito ou expreso, xunto co texto refundido íntegro da ordenanza, publicarase no taboleiro de edictos do Concello e do BOP."

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E ADMINISTRACIÓN , en sesión extraordinaria do día 23/01/2023.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión informativa acorda por unanimidade dos 8 concelleiros/as presentes, dos 9 a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

Primeiro: modificar a ordenanza fiscal número 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles e a disposición derradeira, de acordo co seguinte tenor literal:

" ORDENANZA FISCAL NÚMERO 1. IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Artigo primeiro

No uso das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sobre potestade normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, asemade, co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como no Título II e artigos 60 e seguintes, todos eles do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, regulase mediante a presente Ordenanza fiscal o Imposto Sobre Bens Inmóbles.

Artigo segundo. Tipo de gravame.

- a) Tipo de gravame do imposto sobre bens inmóbles aplicable ós bens de natureza urbana queda fixado no 0,54 por cento.*
- b) Tipo de gravame do imposto sobre bens Inmóbles aplicable ós bens de natureza rústica queda fixado no 0,54 por cento.*
- c) O tipo de gravame do Imposto sobre bens inmóbles aplicable os bens inmóbles de características especiais, definidos no artigo 2.7 da Lei 48/2.002, do 23 decembro, Lei do catastro inmobiliario, e sitios no termo municipal de Rianxo, queda fixado no 1,3 por cento.*

Artigo terceiro. Exencións.

1. En virtude do artigo 62.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese unha exención por contía mínima que se aplicará do seguinte xeito:

- a) Quedarán exentos os bens inmóbles de natureza urbana que teñan unha cota líquida inferior ou igual a 3,00 euros.*
- b) Quedarán exentos os bens inmóbles de natureza rústica que teñan unha cota líquida inferior ou igual a 4,50 euros.*

Artigo cuarto. Bonificacións.

1. En virtude do artigo 73.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aplicaranse unha bonificación do 65% na cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, para os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel en que se inicien as obras ata o posterior á terminación das mesmas, sempre e cando durante ese período se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso poida exceder de tres períodos impositivos.

Para aproveitar a citada bonificación, os interesados deberán de cumprir os seguintes requisitos:

a) Acreditación da data de inicio das obras de urbanización ou construción de que se trate, que se fará mediante certificación do Técnico-Director competente delas, visado polo Colexio Profesional.

b) Acreditación de que a empresa se adica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria mediante a presentación dos Estatutos da Sociedade.

c) Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado mediante a presentación de certificación do Administrador da Sociedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a A.E.A.T., a efectos do Imposto sobre Sociedades.

d) A solicitude da bonificación pódese formular dende o momento no que se pode acreditar o inicio das obras.

2. En virtude do artigo 73.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aplicarase unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ó outorgamento da cualificación definitiva, para as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme a normativa da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa gozarán dunha bonificación do 50% na cota íntegra do inmovible de uso residencial que constituía a súa residencia habitual, e na que estean empadroados os membros da unidade familiar, sempre que se cumpran ademais os seguintes requisitos:

a) Que o valor catastral do ben inmovible obxecto de bonificación, do que sexan suxeitos pasivos o titular da familia numerosa ou algún dos membros desta, non exceda de 125.000 €.

b) Que os ingresos brutos anuais da unidade familiar, per cápita, non exceda do 1,20 do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM).

O ingreso bruto anual per cápita da unidade familiar obterase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número dos seus integrantes. A estes efectos, entenderase por unidade familiar o número de membros que estean incluídos no título oficial de familia numerosa.

Os suxeitos pasivos que, cumprindo cos requisitos establecidos no apartado anterior, pretendan gozar da bonificación, deberán presentar a correspondente solicitude no modelo normalizado, no que constará autorización asinada por todos os membros da unidade familiar maiores de 18 anos para a consulta de oficio de datos de natureza tributaria, antes do 31 de marzo do ano correspondente ó período impositivo no que pretendan que produza efectos. Xuntamente co escrito deberá achegarse a seguinte documentación:

– Copia do título de familia numerosa expedido polo órgano competente.

Poderán ser requiridos documentos ou información adicionais, si se considera oportuno.

A bonificación concedida só producirá efectos a partir o período impositivo no que se insta a súa concesión, debendo solicitar a súa prórroga nos seguintes períodos impositivos, aportando de novo a documentación que acredite que se seguen a cumprir os requisitos para o seu goce.

4. Establécese unha bonificación do 5% da cota íntegra do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana e rústica (exclúense os bens inmobles de características especiais) para todos aqueles contribuíntes que tivesen domiciliado o pago do recibo nunha entidade bancaria.

O pago do recibo bonificado farase efectivo dentro da primeira semana do período voluntario de ingreso, de acordo co calendario fiscal aprobado para cada exercicio.

Si o recibo bonificado non fose atendido ao seu vencemento, a bonificación devendará inaplicable, podendo abonarse sen recargo o recibo dentro do período voluntario de ingreso. Unha vez transcorrido o período voluntario de ingreso, sen que este se produza, iniciárase o período executivo.

Os suxeitos pasivos que desexen desfrutar desta bonificación deberán solicitar a domiciliación no impreso normalizado, cunha antelación de a menos dous meses respecto do inicio do período voluntario de ingreso, entendéndose concedida dende a súa presentación, salvo que se solicite extemporaneamente, en cuxo caso a bonificación xurdirá efectos no exercicio inmediatamente posterior.

Admitiranse domiciliacións de recibos en contas cuxo titular non coincida co contribuínte, sempre e cando o titular da mesma asine o modelo normalizado da solicitude de domiciliación, e achegue fotocopia do DNI.

A domiciliación terá vixencia indefinida, agás:

– Orde expresa de anulación da domiciliación, comunicada a recadación, a través de modelo normalizado de baixa de domiciliacións.

– Cambio de titularidade do inmovible.

– Rechazo ou devolución da entidade financeira.

Respecto aos restantes aspectos substantivos das domiciliacións de recibos de tributos de vencemento periódico estarase ao disposto no artigo 21 da Ordenanza Xeral Reguladora da aplicación de tributos e

ingresos de dereito público do Concello de Rianxo.

5. Os bens inmobles de natureza urbana e rústica sitos nas áreas ou zonas do Concello que, conforme ao establecido na Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUPMR, en adiante) e na normativa urbanística municipal vixente, correspondan a asentamentos de poboación singularizados pola súa vinculación ou preeminencia de actividades primarias de carácter agrícola, gandeira ou forestal, e que dispoñan dun insuficiente nivel de servizos básicos de titularidade municipal gozarán dunha bonificación de ata o 10% sempre que as súas características económicas aconsellen unha especial protección.

A porcentaxe de bonificación será:

a) Carencia do servizo municipal de abastecemento de auga potable e do servizo de saneamento: 10%.

b) Carencia do servizo municipal de abastecemento de auga potable ou do servizo de saneamento: 5%.

Para a aplicación desta bonificación considéranse áreas singularizadas pola súa vinculación con actividades primarias de carácter agrícola, gandeira ou forestal, as comprendidas dentro do ámbito das Ordenanzas 5 e 6 das vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal do Concello de Rianxo, así coma os bens inmobles incorporados ao Padrón de IBI rústica que con anterioridade á entrada en vigor da nova ponencia de valores se incorporaban como "diseminados" no Padrón de IBI urbana.

A carencia dos servizos de abastecemento de auga potable e/ou do servizo de saneamento será informada pola entidade xestora que avaliará se o inmovible respecto do cal se pretende a bonificación é beneficiario dos servizos referidos.

No caso de que se constate que o inmovible carece da conexión á rede municipal de abastecemento de auga potable, a entidade xestora do servizo verificará ademais si o mesmo está establecido na área do inmovible respectivo, entendéndose a efectos desta bonificación por "establecido" cando na vía pública á que teña fachada o inmovible exista rede de abastecemento de auga ou cando a distancia á rede fose inferior a 50 metros.

No caso de que o inmovible careza de conexión á rede municipal de sumidoiros, a entidade xestora verificará, asemade, o disposto no artigo 7.7 do Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de saneamento e depuración de Augas Residuais de Galicia, así coma o disposto no Regulamento Municipal de Verquidos de Rianxo.

A bonificación será de carácter rogado, polo que a súa concesión precisará da solicitude previa do interesado e acto administrativo de recoñecemento expreso.

A vixencia da bonificación será anual, debendo solicitarse en cada exercicio no que se pretenda a súa aplicación.

A solicitude de concesión desta bonificación presentarase polo rexistro xeral do Concello, mediante modelo oficial aprobado ao efecto asinado polo obrigado tributario, ata o 31 de marzo, ou inmediato hábil posterior, do exercicio en que se pretenda que xurda efectos, achegando a referencia catastral do inmovible.

Con carácter previo á resolución da solicitude, incorporaranse ao expediente:

a) un informe do Servizo de Licenzas/urbanismo do Concello, referido ao cumprimento dos requisitos obxectivos da bonificación, concretamente á pertenza ou non do inmovble a algún dos supostos do apartado primeiro do artigo 5.

b) un informe do xestor do servizo municipal de abastecemento de auga potable e do servizo municipal de saneamento, sobre a carencia de ditos servizos no inmovble de referencia, de acordo co criterio establecido no apartado 1 do presente artigo.

O Departamento de Recadación, recibido o informe anterior, vista toda a documentación obrante no expediente, e considerándoas prescricións da Ordenanza Xeral de Recadación do Concello de Rianxo no referente ás bonificación, emitirá informe proposta que elevará ao órgano competente para que dite resolución correspondente.

6. Os inmovbles nos que se desenvolvan actividades económicas e empresariais que sexan que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego poderán obter unha bonificación na cota do imposto.

A bonificación da cota será:

a) ata un 95% para aqueles inmovbles nos que se desenvolva unha actividade económica ou empresarial por implantación dunha nova empresa no termo municipal de Rianxo, sempre e cando cree emprego.

b) ata un 95% para aqueles inmovbles nos que se desenvolva unha actividade económica ou empresarial pola ampliación das instalacións dunha empresa que xa viña exercendo unha actividade económica ou empresarial en Rianxo, sempre e cando implique creación de emprego.

A porcentaxe de bonificación será a seguinte:

Creación de 1 a 10 postos de traballo 50%

Creación de 11 a 20 postos de traballo 75%

Creación de mais de 20 postos de traballo 95%

Autoemprego (1 posto de traballo) 50%

As contratacións deberán ser indefinidas.

Cando se trate de contratacións cunha xornada a tempo parcial as porcentaxes das bonificacións serán proporcionais ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, da xornada ordinaria máxima legal.

O beneficiario da bonificación será a persoa física, xurídica ou entidade do artigo 33.4 da Lei Xeral Tributaria que sexa no IBI o suxeito pasivo do ben inmovble afecto, sempre que aquel coincida co titular da actividade económica ou empresarial creadora de emprego.

Quedan excluídos da bonificación os IBI que recaian sobre bens inmovbles arrendados.

Non poderá ser beneficiario da bonificación a persoa xurídica ou entidade do artigo 33.4 LXT que tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores á formalización dos contratos de traballo.

O suxeito pasivo deberá achegar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- Poder de representación, no seu caso.*
- Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas.*
- Memoria xustificativa sobre o proxecto da actividade económica ou empresarial de nova creación ou de ampliación, na que constará a referencia catastral do inmovible afecto á actividade económica ou empresarial no que se realiza a construción, instalación ou obra; a creación de novos postos de traballo; o número de novos postos de traballo; súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.*
- Declaración responsable sobre o emprego que creará, con indicación do número de novos postos de traballo, a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.*
- Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, coa Facenda Autonómica, co Concello de Rianxo e coa Seguridade Social.*
- Aqueloutra documentación que, motivadamente, sexa requirida polo Departamento de Emprego do Concello de Rianxo.*

O prazo de presentación da solicitude será dun mes dende o día seguinte ao de obtención do título habilitante para a realización da construción, instalación ou obra, no caso de que fose precisa a realización de construción, instalación ou obra, con carácter previo ao inicio da actividade, e precisa a seguinte documentación:

- comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade.*
- Informe de Vida Laboral das contas de cotización ou da persoa autónoma como empresaria dende o inicio da actividade.*
- Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.*
- Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.*
- Informe dos traballadores con movementos previos nas CCC.*
- Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.*
- No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.*

- De ser o caso, certificado de alta profesional no dito colexio e alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.

O prazo de presentación da solicitude será dun mes dende a presentación da comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade, no caso de que non se realizase construción, instalación nin obra con carácter previo ao inicio da actividade, achegando a seguinte documentación:

- Informe de Vida Laboral das contas de cotización ou da persoa autónoma como empresaria dende o inicio da actividade.*
- Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.*
- Relacións Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.*
- Informe dos traballadores con movementos previos nas CCC*
- Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.*
- No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.*
- De ser o caso, certificado de alta profesional no dito colexio e alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.*

Toda solicitude que se realice transcorrido o prazo sinalado, será considerada extemporánea.

A declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como a porcentaxe de bonificación, corresponderá ao pleno da Corporación, previa solicitude do suxeito pasivo no modelo normalizado, co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A declaración de interese ou utilidade municipal deberá producirse nun prazo que non excederá de seis meses, computables dende a súa solicitude, previo informe técnico-xurídico favorable. A resolución entenderase desestimada si non recae resolución en dito prazo.

Para o mantemento da bonificación, as condicións da xustificación presentadas coa comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da actividade, deberán permanecer durante tres exercicios orzamentarios completos, como mínimo.

O incumprimento dos requisitos esixidos suporá a perda da bonificación e a liquidación do importe deixado de ingresar, xunto cos xuros de mora correspondentes.

7. Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ao da finalización da súa instalación, os bens inmoebles

destinados a vivenda dos suxeitos pasivos deste imposto, en calquera dos seguintes supostos:

a) Que se instalaron sistemas para o aproveitamento térmico e eléctrico da enerxía proveniente do sol para autoconsumo. Será necesario, en todo caso, que os sistemas de aproveitamento térmico instalados dispoñan dunha superficie mínima de captación solar útil de 4m² por vivenda e que os sistemas de aproveitamento eléctrico dispoñan dunha potencia instalada mínima de 2 Kw por vivenda.

b) Cando logo de pasar os controis administrativos e técnicos pertinentes, o inmovible sexa certificado con cualificación A ou B da súa eficiencia enerxética.

Ningunha das anteriores bonificacións se outorgará cando a instalación destes sistemas de aproveitamento da enerxía solar ou a propia certificación enerxética fose obrigatoria a tenor da normativa específica na materia.

Estas bonificacións terán carácter rogado e fornecerán efectos, no seu caso, desde o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite.

As solicitudes serán enviadas desde o Departamento de Facenda, coa documentación que as acompaña, aos Servizo Municipal de Urbanismo que, valorando que se reúnan os requisitos esixidos, formulará informe sobre a súa concesión.

Deberá aportar a seguinte documentación:

- Solicitud de licenza municipal das instalacións, ou ben declaración responsable.*
- Pagamento da taxa pola tramitación da licenza ou declaración. Autorización do Departamento Territorial de Patrimonio Cultural, se hai algún ben etnográfico próximo.*
- Memoria técnica da instalación das placas fotovoltaicas, redactada por técnico competente na materia, con expresa información sobre as dimensións, estrutura portante -se cabe-, características das placas fotovoltaicas e enerxía que se vai producir.*
- Tres fotografías da instalación realizada*
- Certificado final das obras, redactado por técnico competente na materia, no que se exprese polo miúdo a instalación realizada, a superficie das placas e a enerxía producida, as características das placas instaladas, acreditándose que a instalación se axustou á solicitada na licenza municipal ou declaración responsable, e no seu caso, á autorización previa do departamento de patrimonio cultural.*

8. As bonificacións ás que fan referencia os apartados 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7 deste artigo terán carácter rogado, e será necesaria a acreditación do suxeito pasivo de estar incurso nalgún dos supostos establecidos para o desfrute de cada unha delas, presentando a documentación demostrativa dos mesmos.

No caso de concorrer simultaneamente mais dun suposto dos referidos parágrafos anteriores, aplicarase a bonificación que resulte mais vantaxosa para o suxeito pasivo, agás as bonificacións

reguladas nos apartados 4 e 5 deste artigo que sí serán compatibles entre si.

9. Respecto aos restantes aspectos das bonificacións non previstos neste artigo, estarase ao disposto na ordenanza Xeral Reguladora da aplicación de tributos e ingresos de dereito público do Concello de Rianxo, ao RD 1065/2007, do 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral das Actuacións e dos Procedementos de Xestión e Inspección tributarias e de desenvolvemento das normas comúns de aplicación dos tributos.

Artigo quinto

Coeficiente redutor aplicable aos inmobles rústicos valorados conforme ao apartado 1 da disp. Transitoria primeira do R.D.L. 1/2004 do 5 marzo, que aproba o T.R. da Lei do Catastro Inmobiliario:

Establecese como coeficiente redutor aos efectos determinados no apdo. 2.o da disposición transitoria decimo oitava do R.D.L. 2/2004 do 62%.

Artigo sexto

O concello agrupará nun único documento de cobro tódalas cotas deste imposto dun mesmo suxeito pasivo, cando se trate de bens rústicos sitos no termo municipal de Rianxo.

Artigo sétimo

Co fin de facilitar o cumprimento das obrigas tributarias, as cotas do IBI poderán fraccionarse nos termos previstos no artigo 16,2 da Ordenanza de Recadación de Tributos e Ingresos de Dereito Público do Concello de Rianxo.

Disposición final

A presente Ordenanza aprobose polo Pleno na súa sesión do -----, entrando en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e xurdindo efectos dende o 1 de xaneiro seguinte a súa publicación, ata que se acorde a súa modificación ou derogación."

Segundo: Someter dita ordenanza a información pública, nos termos previstos do artigo 17.1 do TRFL e artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dando audiencia aos interesados, mediante publicación no taboleiro de edictos do Concello, no BOP e nun dos periódicos de maior tirada da provincia.

Terceiro: De non presentarse reclamacións no prazo de exposición pública, a modificación proposta considerarase definitivamente aprobada.

Cuarto: O acordo de aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal, tácito ou expreso, xunto co texto refundido íntegro da ordenanza, publicarase no taboleiro de edictos do Concello e do BOP.”

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 13 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

3 MOCIÓN RIANXO EN COMÚN RELATIVA Á DINAMIZACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Pleno Ordinario de marzo de 2021, o Pleno da Corporación do Concello de Rianxo aprobou unha proposta de Rianxo en Común encamiñada a, segundo se recollían nos acordos adacados:

- Ofertar os postos desocupados de maneira gratuíta para que poidan ser empregados por aquelas persoas que carecen de local comercial ou que pola situación actual (crise do coronavirus) teñen que renunciar a el.
- Mellorar a sinalización do mercado e do parking gratuíta que teñen debaixo e activar unha campaña de difusión tanto do propio mercado coma dos produtos que nel se venden.
- Facilitar que as persoas que vaian mercar á praza, e fagan un gasto superior a 15€, poidan deixar os rapaces e rapazas la Ludoteca durante unha hora para realizar as compras.

A pesar de que pasaron case dous anos dende que o Pleno aprobou estas propostas, ás que denominamos daquela Plan de Acción para a Recuperación do Mercado Municipal de Rianxo, pouco ou nada de fixo para materializar os acordos. É máis, meses despois Partido Socialista e BNG, xunto co Partido Popular, aprobaron un Orzamento que recortou a partida destinada a “mercados e lonxas”.

Dende o noso punto de vista, como xa temos dito en varias ocasións, nun municipio coma o noso - para o cal o sector primario xoga un papel esencial - e nun contexto coma o actual - no que contar con redes de produción e distribución de produtos alimenticios de proximidade é fundamental - dispor dun mercado municipal vivo e que actúe como punto central do comercio de produtos de alimentación resulta máis imprescindible que nunca.

Dende Rianxo en Común non nos resignamos a ver o mercado municipal tal e como hoxe en día está, senón que aspiramos a darlle ese protagonismo do que carece dende fai anos. A tal fin,

reeditamos a nosa aposta por executar ese plan de medidas necesarias para dinamizar o mercado municipal introducindo unha serie de medidas que tanto a experiencia vivida nos últimos anos como o continuo deterioro do inmoible que alberga o mercado obrigan a considerar.

Así, entendemos que resulta necesario modificar o Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Rianxo, introducindo unha nova sección capítulo VII denominado “Postos Vacantes” que prevea que, o órgano municipal competente poderá autorizar a ocupación temporal dos postos de venta vacantes ata que se proceda á adxudicación formal da concesión administrativa e sen xerar ningún tipo de dereitos, para o cal se deseñará, ademais, un protocolo de adxudicación de postos vacantes.

Entendemos tamén, e coa finalidade de acelerar os trámites administrativos ou evitar interpretacións arbitrarias, entendemos que resulta de interese modificar o artigo 17 do regulamento do mercado coa finalidade de permitir, nos postos existentes, a expedición dos artigos seguintes:

Carnes frecas, chacinería, peixe fresco, carnes, pescados e artigos conxelados, froitas e horalizas, comestibles envasados, lácteos, pan e produtos de artesanía.

Estas modificacións normativas deben ir acompañadas, dende o noso punto de vista, dunha campaña de promoción do mercado municipal e dos produtos que nel se venden, así como das actuacións necesarias para arranxar as deficiencias que a día de hoxe padece o propio mercado coma o parking municipal existente debaixo.

Así pois, o Grupo Municipal de Rianxo en Común proponlle ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Estudar a modificación do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Rianxo coa finalidade de facilitar a adxudicación dos postos vacantes ata que se proceda á adxudicación formal.
2. Estudar a modificación do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Rianxo coa finalidade de facilitar e favorecer a diversificación da oferta, fundamentalmente dándolle entrada a produtos de artesanía.
3. Mellorar a sinalización do mercado e do parking gratuito que ten debaixo e activar unha campaña de difusión tanto do propio mercado coma dos produtos que nel se venden.
4. Levar a cabo as actuacións necesarias - obras de mantemento - para solventar as deficiencias que a día de hoxe existen no mercado e no parking que ten debaixo.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E ADMINISTRACIÓN , en sesión extraordinaria do día 23/01/2023.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión informativa acorda por 3 votos a favor (1 concelleiros/as do PP, 1 concelleiro/a de Rianxo en Común e 1 concelleiro/a de Ciudadanos) 4 abstencións (2 concelleiro/a do PSOE, 2 concelleiros/as do BNG), e cero votos en contra, dos 7 concelleiros/as presentes, dos 9 a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

1. Estudar a modificación do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Rianxo coa finalidade de facilitar a adxudicación dos postos vacantes ata que se proceda á adxudicación formal.
2. Estudar a modificación do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Rianxo coa finalidade de facilitar e favorecer a diversificación da oferta, fundamentalmente dándolle entrada a produtos de artesanía.
3. Mellorar a sinalización do mercado e do parking gratuíto que ten debaixo e activar unha campaña de difusión tanto do propio mercado coma dos produtos que nel se venden.
4. Levar a cabo as actuacións necesarias – obras de mantemento – para solventar as deficiencias que a día de hoxe existen no mercado e no parking que ten debaixo.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 4 votos a favor (2 membros de Rianxo en Común, 1 membros do grupo PP, e 1 membro do grupo de cidadanos) 9 votos en contra (6 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PSOE), e cero abstencións dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta NON APROBADA

4 MOCIÓN RIANXO EN COMÚN RELATIVA Á MELLORA DO CAMIÑO AO POZO BASTÓN

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo se pode ler no portal “Rianxo. O mar feito tradición”, o espazo web turístico do Concello de Rianxo o denominado Pozo Bastón “é unha ferverza que forma un pequeno estanque natural no río Té de gran atractivo natural, fonte de lendas e supersticións. Debido ao seu calado é

posible darse un baño. Accédese dende a parroquia de Araño, remontando o río Té dende Buía e pasando pola pequena aldea da Ferrería. Existe unha pista forestal ata preto do lugar, continuando despois por roteiros ou pola beira do río.”

Pois ben, a día de hoxe continuar os ditos sendeiros existentes pola beira do río resulta dificultoso, ou mesmo imposible nalgunha época do ano, sendo incluso un perigo para as persoas que asiduamente visitan tan curioso enclave. Coa finalidade de solventar estas problemáticas, resulta necesario intervir en dous puntos. Por un lado, a través das instalación dunha ponte ou de algún elemento que axude a cruzar o río no punto no que é necesario facelo para continuar o camiño sinalizado, e por outro, tratar de consolidar o sendeiro que discorre de maneira perpendicular ao sentido da ladeira e que, a consecuencia disto e polos correntos de terra que se teñen xerado, presenta discontinuidades.

Cabe sinalar que, cando menos en relación á colocación da ponte, os titulares dos terreos teñen reiterado o seu consentimento, mesmo por escrito, a que tal execución se leve a cabo.

Ademais, e no marco da actuación necesarias para mellorar o acceso ao Pozo Bastón, entendemos que cabe facer un esforzo por adecuar o sendeiro existente entre o Campo da Ponte e a Ermida, facilitando así a unión entre o denominado sendeiro acondicionado a carón do Río Té e o acceso ao Pozo Bastón.

Coa finalidade de ir dando pasos nesa dirección, o Grupo Municipal de Rianxo en Común proponse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Estudar a execución das obras necesarias para mellorar o acceso ao Pozo Bastón e que permitan solventar os perigos actualmente existentes.
2. Estudar a execución dos traballos necesario para adecuar o sendeiro existente entre o Campo da Ponte e a Ermida.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E ADMINISTRACIÓN , en sesión extraordinaria do día 23/01/2023.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión informativa acorda por 3 votos a favor (1 concelleiros/as do PP, 1 concelleiro/a de Rianxo en Común e 1 concelleiro/a de Ciudadanos) 4 abstencións (2 concelleiro/a do PSOE, 2 concelleiros/as do BNG), e cero votos en contra, dos 7 concelleiros/as presentes, dos 9 a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

1. Estudar a execución das obras necesarias para mellorar o acceso ao Pozo Bastón e que permitan solventar os perigos actualmente existentes.
2. Estudar a execución dos traballos necesario para adecuar o sendeiro existente entre o Campo da Compe e a Ermida.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 13 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

5 MOCIÓN RIANXO EN COMÚN RELATIVA Á XESTIÓN PÚBLICA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) é un servizo esencial dentro da nosa sociedade. Este servizo público, cuxa xestión está a día de hoxe privatizada no noso municipio, permite proporcionarlle a aquelas persoas que o necesitan, e no seu propio domicilio, unha serie de atencións e coidados que, polas súas circunstancias, non poden atender por si mesmas. Boa parte das persoas usuarias do servizo son veciños e veciñas de idade avanzada cuxos familiares, quizais tamén por condicionantes relacionados coa idade ou outros de outra índole, precisan da axuda de persoal cualificado para a realización desas atencións e coidados mencionados.

Cabe recordar neste punto que – segundo o Instituto Galego de Estatística - nos últimos anos a poboación maior de 64 anos aumentou de maneira considerable do noso municipio – como en practicamente todos os municipios galego – pasando de 2.274 veciños e veciñas de máis de 64 anos no ano 2000, a 2.897 na actualidade. No ano 2000 este sector poboacional supoñía pouco máis do 19% do total de habitantes do municipio, 22 anos despois representa un 26,4%.

No mesmo período – segundo os datos ofrecidos polo Instituto Nacional de Estadística – a taxa de dependencia da poboación maior de 64 anos aumentou en Galicia nun 12%.

Neste contexto, as traballadoras do SAF desenvolven unha labor fundamental que, tristemente, non se ve recoñecida na súa xusta medida. Este servizo, esencial para o noso municipio, é tamén un dos traballos máis precarizados que existe, o cal se agrava no actual contexto de inflación. Tanto é así que, como resposta á situación que as traballadoras levan anos sufrindo no conxunto

do país - e que aínda ameazaba con empeorar cun novo convenio contrario aos seus intereses -, recentemente levaron a cabo unha folga que se mantivo durante 28 días. Tristemente, esta crecente precariedade vai da man dun escaso recoñecemento social que as propias traballadoras denuncian de maneira reiterada, o cal se suma a actitudes machistas que, por ser un servizo moi feminizado, teñen que soportar no seu día a día.

Dende Rianxo en Común pensamos que debemos tomar cartas no asunto pois, se ven o servizo está prevatizado, esta Corporación ten a responsabilidade de velar porque as empresas que perciben cartos públicos e prestan servizos no noso municipio o fagan cumprindo os dereiros laborais dos seus traballadores e traballadoras e ten a responsabilidade tamén de tomar as medidas necesarias para garantir o correcto funcionamento dos servizos municipais no presente, así como o seu mantemento para as xeración futuras. Neste senso, e tendo en conta a situación contractual do servizo, pensamos que é o momento de estudar a xestión municipal do mesmo.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Rianxo en Común proponlle ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Recoñecer o gran traballo e a función esencial que desempeñan as traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar.
2. Levar a cabo unha campaña pública de recoñecemento e concienciación da labor esencial que estas traballadoras fan.
3. Dar os pasos necesarios para estudar a municipalización do Servizo de Axuda no Fogar.
4. No marco do anterior, crear unha Comisión Especial para a Municipalización do SAF con representación dos Grupos Municipais da Corporación, mais tamén de persoal técnico de Servizos Sociais con competencias no servizo, así como das traballadoras da actual empresa responsable do servizo.
5. Apoiar as reclamacións laborais das traballadoras e instar á empresa responsable do servizo no noso municipio a atendelas, colaborando o Concello de Rianxo, no posible, para que así sexa.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E ADMINISTRACIÓN , en sesión extraordinaria do día 23/01/2023.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión informativa acorda por 3 votos a favor (1 concelleiros/as do PP, 1 concelleiro/a de Rianxo en Común e 1 concelleiro/a

de Ciudadanos) 4 abstencións (2 concelleiro/a do PSOE, 2 concelleiros/as do BNG), e cero votos en contra, dos 7 concelleiros/as presentes, dos 9 a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

1. Recoñecer o gran traballo e a función esencial que desempeñan as traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar.
2. Levar a cabo unha campaña pública de recoñecemento e concienciación da labor esencial que estas traballadoras fan.
3. Dar os pasos necesarios para estudar a municipalización do Servizo de Axuda no Fogar.
4. No marco do anterior, crear unha Comisión Especial para a Municipalización do SAF con representación dos Grupos Municipais da Corporación, mais tamén de persoal técnico de Servizos Sociais con competencias no servizo, así como das traballadoras da actual empresa responsable do servizo.
5. Apoiar as reclamacións laborais das traballadoras e instar á empresa responsable do servizo no noso municipio a atendelas, colaborando o Concello de Rianxo, no posible, para que así sexa.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 4 votos a favor (2 membros de Rianxo en Común, 1 membros do grupo PP, e 1 membro do grupo de cidadanos) 7votos en contra (4 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PSOE), e 2 abstencións (2 membros do grupo BNG) dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta NON APROBADA

6 MOCIÓNS RIANXO EN COMÚN RELATIVA Á MELLORA DA SEGURIDADE NA DP-7201

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o noso punto de vista, e así tamén nolo teñen sinalado en multitude de ocasión os pais e nais dos rapaces e rapazas que día a día se desprazan, a pé ou en autobús, ata o IES Félix Muriel, a estada que discorre a carón do instituto, a DP-7201, presenta unha serie de deficiencias que poñen en risco a seguridade da rapazada.

Se ben a dita estrada, de titularidade provincial, non é unha das que máis tráfico albergan do municipio, debido á súa situación periférica en relación á vila, si que rexistra un elevado tránsito

nos momentos puntuais de entrada e saída ao instituto, así como un continuo goteo de coches e camións ao longo do día camiño das vivendas e empresas que existen na contorna.

Coa finalidade de asegurar a segura convivencia entre estes e o alumnado do instituto, pensamos que compre actuar nunha serie de problemáticas identificadas na estrada sinalada no entorno inmediato do instituto. A tal fin, o Grupo Municipal de Rianxo en Común proponlle ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Estudar o incremento de puntos de luz no entorno inmediato do instituto.
2. Instar á Deputación da Coruña, titular da estrada, a mellorar a sinalización horizontal mediante o seu repintado, especialmente dos pasos de peóns.
3. Instar á Deputación da Coruña a ampliar as beirarrúas da dita estrada, cando menos no entorno inmediato do instituto.
4. Estudar a programación de actuacións ordinarias máis frecuentes no entorno inmediato do instituto coa finalidade de evitar que a vexetación das fincas próximas invada as beirarrúas da estrada.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E ADMINISTRACIÓN , en sesión extraordinaria do día 23/01/2023.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión informativa acorda por 3 votos a favor (1 concelleiros/as do PP, 1 concelleiro/a de Rianxo en Común e 1 concelleiro/a de Ciudadanos) 5 abstencións (2 concelleiro/a do PSOE, 3 concelleiros/as do BNG), e cero votos en contra, dos 8 concelleiros/as presentes, dos 9 a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

1. Estudar o incremento de puntos de luz no entorno inmediato do instituto.
2. Instar á Deputación da Coruña, titular da estrada, a mellorar a sinalización horizontal mediante o seu repintado, especialmente dos pasos de peóns.
3. Instar á Deputación da Coruña a ampliar as beirarrúas da dita estrada, cando menos no entorno inmediato do instituto.
4. Estudar a programación de actuacións ordinarias máis frecuentes no entorno inmediato do instituto coa finalidade de evitar que a vexetación das fincas próximas invada as beirarrúas da estrada.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 13 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

7 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/11/2022 ata o 31/12/2022, que comprenden os números 877/2022 ao 1079/2022, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 17 da Sesión extraordinaria do día 10/11/2022
- Acta nº 18 da Sesión ordinaria do día 01/12/2022
- Acta nº 19 da Sesión ordinaria do día 15/12/2022

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

8 RENUNCIA DO CONCELLEIRO FRANCISCO RUBIO VICENTE.

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En aplicación do disposto nos art. 182 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, Réxime Electoral Xeral, e art. 9.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, regulamento de organización e funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as instrucións da Xunta Electoral Central de data 10 de xullo de 2003, sobre substitución de cargos representativos locais sometese ao pleno da Corporación municipal:

Conforme ao que dispón o artigo 9.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; nos artigos 15.2, 19.1.l) e 182 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de

xuño, do réxime electoral xeral e normas concordantes, especialmente a Instrución da Xunta Electoral Central do 10/07/2003, sobre substitución de cargos representativos locais, esta Alcaldía propón ao Pleno que adopte este acordo:

PRIMEIRO

A toma coñecemento da renuncia ao cargo de don Francisco Rubio Vicente concelleiro polo PARTIDO POPULAR (PP) no Concello de Rianxo (presentada no Rexistro Xeral do Concello co nº R. E. 202300000000214 en data de 13.01.2023).

SEGUNDO

REMITIRLLE unha certificación deste acordo á Xunta Electoral Central aos efectos da expedición da credencial acreditativa da condición de electos a favor do candidato/a que corresponda, facendo constar que, a xuízo da corporación, correspóndelle cubrir a vacante a dona María Dolores Moares Vicente, seguinte na lista dos que concorreron ás últimas eleccións municipais (Boletín Oficial da Provincia nº 81 de 30.04.2019), para que poida tomar posesión do seu cargo como concelleira polo Partido Popular (PP).

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

9 DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 39/2023 DE DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

Dáse lectura da proposta presentada:

Dáse conta da resolución nº 39/2023 ditada pola Alcaldía en data de 17/01/2023 e que a continuación se transcribe:

Por ter que ausentarme da Alcaldía dende o 18 de xaneiro a 20 de xaneiro de 2023 ambos inclusive, de conformidade co disposto no artigo 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no artigo 63 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; e no artigo 47 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, RESOLVO:

PRIMEIRO

Delegar as funcións da Alcaldía durante o citado período na 1ª Tenente de alcalde, Dona María del Carmen Figueira Ares. No suposto de producirse a vacante, ausencia ou enfermidade do anteriormente indicado, as referidas funcións pasarían automaticamente aos demais tenentes de alcalde, segundo a orde de nomeamento. No suposto que o abaixo asinante alcalde se reincorporase ás súas funcións antes de ter transcorrido o período expresado no apartado núm. 1 da presente resolución, a presente delegación quedaría automaticamente revogada.

SEGUNDO

Que as resolucións Administrativas que se adopten no exercicio desta delegación, se notifiquen ao interesado con indicación de dita circunstancia.

TERCEIRO

Notificar o presente Decreto ao interesado, procedéndose a súa publicación no taboleiro de editos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia, dándose conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

10 ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2023/G010/000001 e identificado pola pegada dixital:

609105b5303598986b027596957943bcc232bd8465e4500a026a537fdeb39495

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=vn2yIH7DFw0>